

1 Envío e recepción de datos

A linguaxe PHP proporcionanos un xeito sinxelo de manexar formularios, permitíndonos deste xeito procesar a información que o usuario introduciu. Ao deseñar un formulario debemos indicar a páxina PHP que procesará o formulario, así como en método polo que se lle pasará a información á páxina.

```
--- formulario.html ---  
  
<html>  
<head>  
    <title>Exemplo de PHP</title>  
</head>  
<body>  
    <H1>Exemplo de procesado de formularios</H1>  
    Introduza o seu nome:  
    <FORM ACTION="procesa.php" METHOD="GET">  
        <INPUT TYPE="text" NAME="nome"><BR>  
        <INPUT TYPE="submit" VALUE="Enviar">  
    </FORM>  
</body>  
</html>
```

Ao pulsar o botón **Enviar** o contido de cadro de texto é enviado á páxina que indicamos no atributo **ACTION** da etiqueta **FORM**.

PHP dispón dunha serie de variables predefinidas de tal forma que cando a páxina PHP recibe os datos do formulario automaticamente crea unha variable por cada elemento do **FORM**, esta variable creada ten o mesmo nome que o cadro de texto da páxina anterior e o valor que introduzamos. Neste exemplo creouse unha variable chamada **\$nome** co valor que introduza o navegante.

IMPORTANTE: A partir da versión de PHP 4.2.0 a opción **register_globals** está a *off* de tal xeito que as variables predefinidas xa non están disponibles, pero si que están disponíveis as **matrices PHP predefinidas**. Polo tanto teremos que usar **\$_GET['variable']** para acceder ó contido da variable que nos chega polo método **GET**, ou ben **\$_POST['variable']** si estamos accedendo a unha variable que nos chega polo método **POST**.

```
--- procesa.php ---  
  
<html>  
<head>  
    <title>Exemplo de PHP</title>  
</head>  
<body>  
    <H1>Exemplo de procesado de formularios</H1>  
    O nome que introduciu é: <?php echo $_GET['nome']; ?>  
    <br>  
</body>  
</html>
```

--Rafael Veiga 11:15 10 feb 2009 (GMT)